

A Agrupación Musical de Vincios. Notas para unha historia

AMALIA VICENTE ÁLVAREZ

Nestas liñas pretendemos só achegar unha serie de notas breves nas que se recollen os datos e datas máis salientábeis da historia da Agrupación Musical de Vincios, iniciada cando, no ano 1978, os pioneiros don Guillermo Costas Valverde e don Julio Costas Davila decidiron comezar a ensinar música aos rapaces e rapazas da parroquia coa intención de, co tempo, formar unha banda de música. Estes primeiros contactos sementaron o gran do que xerminou o que hoxe é a Agrupación Musical.

Ao ano seguinte, 1979, comezan as primeiras clases na casa vella de don Domingos Fernández, que servía tamén de local social, e que xenerosamente prestou para tal fin. A primeira sesión, a primeira toma de contacto cos inicios da ensinanza musical foi o 10 de outubro daquel ano. Uns 50 nenos e nenas, todos menores de 18 anos, achegáronse á música naquela xornada inicial.

Tanto o interese dos alumnos, amosado na continuidade nos seus estudos, como a escaseza de espazo, obrigaron a trasladar as clases á antiga escola unitaria. Foi neste novo local onde toma corpo definitivamente a idea de formar unha banda de música. Os alumnos e alumnas comezaban a ter xa un bo nivel de coñecementos musicais. Ademais había algúns que, como adoita ocorrer nos grupos numerosos de rapaces, comezaban a despuntar musicalmente. Nestas instalacións estívoise por un período de ano e medio. A media de idade dos mozos e mozas era de 14 anos, polo que logo de estudar as súas leccións, o antes que podían procuraban escapar, con disimulo, para xogar no adro da igrexa. Iso si, sempre ás agachadas de Julio e Guillermo, que demostraban a súa eterna paciencia para soportar aquel enxame de nenas e nenos en plena puberdade.

Como a escola unitaria foi habilitada para impartir clases de educación infantil houbo que abandonar as instalacións. A dirección do Colexio Serra-Vincios cede un recinto para que o proxecto poida seguir adiante. Xorde despois a idea de levar a escola de música ao edificio que se estaba construíndo para Centro Cultural de Vincios. Non podemos menos que lembrar aquí o moito que traballaron os fundadores e os pais dos alumnos para botar os cimentos e o primeiro piso do Centro Cultural. Todo con pico e pa, e sen axuda ningunha por parte da administración. Namentres, os alumnos seguían utilizando o espazo cedido polo colexio, no que ocupaban a cocíña, que nunca fora usada para tal mester.

Foi nese momento cando os fundadores deciden que se pode comezar a darlle un instrumento aos alumnos. Ata daquela só se estudaba solfexo. Mais para



Primeira actuación da Banda de Música da Agrupación Musical de Vincios en 1983. O segundo pola esquerda é Julio Costas Davila e o primeiro pola esquerda, na segunda fila, é Guillermo Costas Valverde, fundadores da Agrupación. Na primeira fila, cunha placa nas mans, o director Valentín Davila Costas.

formar unha banda cómpre facer un reparto de instrumentos axustado ás necesidades da mesma. Para solucionar o problema deciden que sexa a sorte a que asigne os instrumentos aos estudantes. Prepáranse uns papeliños cos nomes dos instrumentos, e nun número adecuado, e logo introdúcese na boina de Julio. Os alumnos van collendo, un a un, un papeliño co nome do instrumento, aínda sen ter nin idea de que caste de aparello se trataba. Algún alumno, que logo estudou a carreira de música, non sabía ata que punto o azar chegaría a influenciar na súa vida futura.

O local facíase pequeno para tanta xente. Chegou un momento no que os alumnos de saxofón tiñan que estudar e recibir clases no aseo da cociña convertida en aula. Cada vez que alguén quería ir ao baño, os saxofonistas abandonaban o seu ensaio. Nese momento recibíanse clases de iniciación dos diferentes instrumentos e para isto contouse coa colaboración desinteresada dalgúns músicos da banda de Valadares. Isto contribúe ás boas relacións entre as dúas aldeas; ademais, como era de esperar, incluso se forman parellas mixtas entre músicos das dúas bandas.

No ano 1981, ante a necesidade de afrontar os gastos ocasionados pola escola, xa que había un profesor contratado, fúndase a Asociación da Agrupación Musical de Vincios, con máis de 150 socios, presidida por don Néstor González Vila-boa, primeiro presidente que estivo ao fronte da asociación, inscrita como tal no rexistro provincial o 14 de xaneiro de 1982, co nº 988. Daquela, os fundadores deciden comezar a ensaiar un pequeno e sinxelo repertorio cos músicos que consideraban máis avanzados. Destes músicos, aínda se manteñen hoxe na banda tres persoas.

No ano 1982 adquiríronse instrumentos novos. Ata ese momento os alumnos practicaban con instrumentos de segunda man ou prestados por músicos de bandas dos arredores. Mesmo se empregaba un instrumento prestado por un antigo músico dunha vella banda do Val Miñor, a banda de Chaín, desaparecida había moitas décadas. A banda de Vincios ten que agradecer moitísimo estes préstamos; naquel momento era moi arriscado comprar instrumental novo para rapaces dos que non se sabía con certeza se se converterían en músicos afianzados. Antes de facer a presentación oficial da banda leváronse a cabo diversos concertos para os veciños e

país dos alumnos. Os nervios eran moi notábeis en todos eles, os erros na interpretación do máis evidente, pero as ilusións sempre venceron a todas esas trabas e o proxecto seguiu o seu debido curso.


Ao ano seguinte contábase cun orzamento de 5.300.000 ptas. para instrumentos, compra de uniformes e outros gastos diversos, e non chegaban para nada. A Banda de Música da Agrupación Musical presentouse, por primeira vez como tal, o día de San Pedro do ano 1983 no Colexio Serra-Vincios, integrada por 38 persoas, dirixidas pola batuta de don Valentín Davila Costas.

Cómpre salientar as discusións que xurdiron a raíz da escolla do uniforme. Neste momento había máis mulleres que homes na banda. Estas, na sociedade en xeral, xa non aceptaban todo o que lles mandaban e, xa que logo, nesta pequena sociedade que era a banda ocorría o mesmo. As mulleres non querían levar saia e pelexaron moito para poder levar pantalón, ao igual que os seus compañeiros. Aos fundadores estas pretensións non lles gustaban nada, pero elas, que desempeñaban os papeis máis destacados da banda, lograron convencelos. O que non se volveu a utilizar máis foi o sombreiro, ou gorra, xa que a todos lles pareceu unha parte inútil do uniforme, no que houbo tamén unha novidade, a respecto doutras bandas: un chaleco de la de cor azul mariño. O motivo desta prenda era que a banda de Valadares tamén utilizaba camisa azul ceo, polo que, para ter un elemento de distinción decidiuse empregar o chaleco.

No ano 1984 os músicos decidiron mercar unha imaxe de Santa Cecilia e doarlla á igrexa de Vincios. Dende aquela todos os anos celébrase unha festa na data da patroa da música: con misa, procesión, concerto e banquete de celebración. Á mesma asisten os músicos que van deixando unha parte das súas ganancias, nomeadamente das actuacións do verán, para facer fronte a este gasto. Antes de ter esta celebración oficial xa se facían algunhas festas ás que acudían os músicos... e algún pai, para vixiar a rapazada. Como eles dicían, non vaia ser que cometan algunha equivocación. Xa se poden imaxinar que aos mozos e mozas esta vixilancia non lles facía moita gracia, pero sempre lograban esquivala e conseguían facer das súas.



A Banda de Música da
Agrupación Musical de
Vincios en Santa Mariña
(17/07/1994).



A Banda de Música da
Agrupación Musical de
Vincios en 1992.

En febreiro de 1984 foi nomeado presidente da Asociación don Enrique César López Veiga que desempeñou este cargo durante dous anos, nos que se elaborou o regulamento interno da Banda e da Escola de Música. Sobre o ano 1985 o concello permitiu usar as antigas vivendas de profesores da escola unitaria, xa que no colexio se necesitaban os espazos ocupados. Este é o local no que hoxe se encontra instalada a Banda e a Escola da Agrupación Musical.

O daquela presidente, froito das súas múltiples viaxes a Estados Unidos, incorpora un repertorio de músicas totalmente distintas ás que se tocaban nas bandas do contorno, con temas de compositores como Cole Porter, Morricone, etc. Isto dálle á banda un estilo totalmente diferente, e en consecuencia adquire unha certa notoriedade nos arredores que tamén se reflicte tanto no aumento do número de alumnos da escola de música como no de socios da Agrupación Musical.

Cómpre salientar o enorme esforzo que fixeron os pais e nais dos alumnos que se alternaban para acompañalos en autobús ata o Conservatorio Superior de Música de Vigo, así como o custe económico que toda esta aventura supuxo para tantas familias da parroquia. Algunhas, con máis dun fillo preparándose e necesitado un instrumento para tocar.

No ano 1986 escóllese un novo presidente da asociación: don Telmo Costas González, que ocupou o cargo durante catro anos. Neste momento é cando a directiva da asociación pasa a estar nas mans dos músicos, ou sexa, xa non hai intervención de pais, xa que hai membros da banda maiores de 18 anos.

A banda ten cada día máis actuacións, mesmo participa nos actos de irmandade coa vila portuguesa de Gondomar. Esta foi unha das mellores saídas da banda, dende a perspectiva dos mozos e mozas, xa que constaba dunha fin de semana, con estadía pagada, e permitía a moitos músicos pasar uns días sen pais e en liberdade.

Durante estes anos o uniforme da banda de música era: traxe azul mariño, camisa azul claro de manga curta, para o verán, e camisa branca de manga longa, para o inverno. A gravata era dun vermello brillante e xa non se utiliza o chaleco. A maioría dos músicos, moitos deles moi cativos cando empezaron, agora estaban moi cre-

cidos e cada día facíase máis necesario renovar vestiario. Foi en 1991 cando se fixo. Neste ano empezouse tamén a colaborar coa Federación de Bandas de Galicia.

No ano 1992 foi nomeado presidente da asociación don Rodrigo Rial Quintas, que estivo ao fronte dela tamén durante catro anos. Celebrouse, naquel ano e con toda a solemnidade, o X aniversario da Banda.

Os compoñentes da banda son xa mociños e mociñas, fanse parellas entre eles e a algúns xa non lles apetece estar sometidos ao ritmo de actuacións, senón que desexan gozar do verán, estar coa parella, etc. Comezan a abandonar algúns músicos.

En 1994 a Escola contaba xa con 80 alumnos e a Asociación con 310 socios. Nese momento os compoñentes da banda eran 52. Neste ano tamén se gravou a primeira casete dunha actuación da banda de música. Cómpre destacar tamén a participación no Certame de Bandas Populares de Cangas, no que se acadou o terceiro premio, as actuacións, nos anos 1988 e 1989, na vila de Gondomar, en Portugal, sen esquecer a participación no programa “Luar” da TVG e no programa “Galicia para o Mundo” da TVE.

No ano 1996 é elixido presidente don José Álvarez Guisande. Neste ano é cando se cambia de director pasando a levar a batuta o antigo compoñente da banda don Telmo Costas González. Naquela altura a cantidade de compoñentes da banda mingou moito. Houbo descontentos e malos entendidos. Algúns compoñentes tiveron que abandonar por necesidade, outros por diversos motivos e nalgúns casos por maternidade. Hai que destacar, e facémolo con especial satisfacción, que esta banda foi a primeira na que tocaron mulleres preñadas. É motivo de orgullo para esta institución, xa que hai que lembrar o que moitos dicían: “con mulleres non ides a ningún lado, comezan a preñar e xa non tedes banda...”. Aínda hoxe temos como integrantes dúas nais de familia.

No ano 1997 volve a haber eleccións e noméase presidente a don Javier Costas González. Faise un convenio de colaboración co Concello de Gondomar, danse concertos ao longo do ano, en fin, desenvólvese un amplo programa cultural para a difusión e promoción da cultura musical, obxectivo primordial desta asociación.

No ano 2000 foi nomeado presidente don Alberto Bonome, e prodúcese un novo cambio de director. A partir deste ano a batuta da Agrupación Musical de Vincios lévaa o actual director don Juan Luís Costas Álvarez.

Nestes anos o concello procedeu á reforma do local de ensaios e da escola de música. E hoxe cóntase cunhas instalacións máis adecuadas, aínda que cada día que pasa fanse máis insuficientes, debido á gran cantidade de rapaces que estudian música nesta parroquia e contando incluso con rapaces de todo o concello de Gondomar buscando unha saída ás súas aptitudes musicais. Na escola impártense clases de varios instrumentos, de solfexo e mesmo de iniciación musical para nenos desde os 3 anos en diante.

